

## As políticas de retorno al trabajo (III)

### Implantación dos programas de volta ao traballo. Conclusións

Para deseñar e poñer en práctica estes programas contéplase a presenza de asesores e persoal especializado na materia que analice, planifique, poña en práctica e avalíe os resultados.

Dependendo de cada caso particular, algúns exemplos de intervencións que se deben organizar e desenvolver por medio destes programas son as que seguen:

O obxectivo principal debe ser:

- que o traballador/a reciba a axuda necesaria de xeito rápido e eficaz para que poida reincorporarse no seu posto sen que sexa necesaria a adaptación do seu posto.

No caso de non ser posible:

- que o/a traballador/a poida reincorporarse ao seu posto con algún tipo de adaptación
  - Redeseño do posto de traballo
  - Adaptar os equipos de traballo para que sexan máis seguros
  - Adaptar a accesibilidade do lugar/posto de traballo
  - Xornadas laborais flexibles, por exemplo para recibir tratamento médico ou por prescripción médica.
  - Reducións de xornadas
  - Redución da carga de traballo

No caso de que o traballador/a quede incapacitado para realizar ese mesmo traballo

- Redistribución de tarefas
- Recolocación do traballador/a nun posto máis axeitado ás súas necesidades dentro da mesma empresa



- Programas de reeducación profesional no que o traballador se forme para realizar outro tipo de traballo dentro da empresa.

No caso de imposibilidade de permanencia na empresa

- Programas de reeducación profesional no que o traballador se forme para realizar outro tipo de traballo noutra empresa.

Aínda que estes programas non están concibidos de forma específica para traballadores/as maiores de 55, si son unha ferramenta útil a empregar para satisfacer necesidades específicas deste sector da poboación traballadora.

Dende o noso punto de vista, estas políticas e programas son interesantes no seu aspecto integrador e non discriminatorio, potencian os principios da acción preventiva, pero poden supoñer algúns perigos.

- É fundamental garantir que as persoas que non poden traballar teñan cobertura.
- Non deben ser xeneralistas, deben ter en conta as necesidades individuais das persoas e dos traballos que estas realizan ou teñen realizado.
- Non deben ser políticas que creen xubilados ou incapacitados pobres que necesiten traballar para subsistir.

Outro elemento de desconfianza é a xestión das baixas que na actualidade están levando a cabo algunhas mutuas, con numerosos casos de presión a traballadores/as para forzar altas prematuras, tanto por continxencia profesional como común (co control que poden exercer agora tamén neste tipo de continxencias). Ou o feito de que en moitos casos deriven a continxencias comúns casos de continxencias profesionais coas consecuencias económicas que isto pode ter para o traballador/a. Polo tanto, dende o noso punto de vista, estes programas requiren un control das mutuas para unha

- Recuperación “eficaz e real” evitando as altas prematuras forzadas.

### Referencias:

*“ISSA Guidelines on Return to Work and Reintegration”.* International Social Security Association, 2013.

<http://worker.eguides.osha.europa.eu>

*“Overview of policy, strategy and programmes in relation to the rehabilitation/return to work of Workers”.* European Agency for Safety and Health at Work-EU-OSHA.